

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 31 de marzo de 2009 pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (Diario Oficial de Galicia número 185, do 24 de setembro).*

De acordo co disposto no artigo 30 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía (DOG nº 185, do 24 de setembro), reconécese oficialmente como actividades artesás os traballos e actividades que figuran no anexo IV do referido decreto, para os efectos da súa inclusión na sección de actividades artesás do rexistro xeral de Artesanía de Galicia.

O artigo 31 do mesmo texto legal sinala que a relación de actividades artesás poderá ser obxecto de revisión periódica pola Comisión Galega de Artesanía, de oficio ou por instancia de parte interesada. A revisión levarase a cabo mediante orde da consellería competente en materia de artesanía por proposta do citado órgano colexiado.

Logo da solicitude por instancia da parte interesada da inclusión na sección de actividades artesás do rexistro xeral de Artesanía de Galicia das actividades de centón (retallos) e bixutaría, o Pleno da Comisión Galega de Artesanía, na súa reunión de data 23 de xullo de 2008, acordou que ambas as dúas actividades tiñan particularidades propias que as diferenciaban notablemente dos oficios artesanais recollidos no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, proponendo, por unanimidade dos seus membros, a inclusión das devanditas actividades na sección de actividades artesás do referido rexistro xeral de Artesanía de Galicia.

Con base no anterior e de acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 218/2001, do 7 de setembro,

### RESOLVO:

Primeiro.-A inclusión das actividades de centón (retallos) e bixutaría na relación de actividades artesás recollida no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, conforme o disposto no anexo I desta orde.

Segundo.-Actualizar o devandito anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, conforme o disposto no anexo I desta orde.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2009.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

## ANEXO I

### Relación de actividades artesanais agrupadas segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (clasificación segundo o Real decreto 475/2007, do 13 de abril CNAE-09) e o disposto no artigo 4 da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia

#### División 13. Industria, téxtil.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
1	Tecidos, tecedor/a (alto e baixo lizo, alfombras, tapices..), centón (retallos)	13.1/2/3/9	Si	Si	Si	
2	Decoración de teas, decorador/a de teas	13.3		Si	Si	
3	Encaixes, encaixeiro/a, palilleiro/a, picador/a de cartóns	13.1/2/3/9	Si	Si	Si	
4	Calceta, calceteiro/a, gancho, gancheiro/a	13.9		Si	Si	
5	Bordados, bordador/a	13.9	Si	Si	Si	
6	Produtor e reparador de redes, redeiro/a	13.9	Si			Si

#### División 14. Confección de roupa de vestir.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
7	Xastre	14.1	Si			
8	Modista	14.1	Si			
9	Traxes tradicionais populares, produtor/a de...	14.1	Si	Si		
10	Peletaría, peleteiro/a	14.2	Si			

#### División 15. Industria do coiro e do calzado.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
11	Curtidos, curtidor/a	15.1	Si			Si
12	Albardaría e talabartaría, albardeiro/a, ou talabarteiro/a	15.1	Si		Si	
13	Repuxado e decorado de coiro, repuxador/a	15.1		Si	Si	
14	Marroquinaría, marroquineiro/a	15.1			Si	
15	Zoqueiro, produtor de zocas e zocas	15.2	Si	Si	Si	Si
16	Zapataría, zapateiro/a	15.2			Si	Si

#### División 16. Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestaría e espartaría.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
17	Tornaría, torneiro/a de madeira	16.1	Si	Si	Si	
18	Carpintaría, carpinteiro/a	16.2	Si		Si	Si
19	Tonelaría, toneleiro/a, selleiro	16.2	Si	Si	Si	
20	Talla, tallista	16.2	Si	Si	Si	
21	Marquetaría, marqueteiro/a	16.2		Si		Si
22	Imaxinería, imaxineiro/a	16.2	Si	Si	Si	Si
23	Cestaría, cesteiro/a	16.2		Si		Si
24	Labores de palla, produtor/a de labores de palla	16.2		Si		Si

#### División 17. Industria do papel.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
25	Papel, produtor/a de papel	17.1	Si			
26	Manipulados de papel e cartón, manipulador/a de papel e cartón (producción de obxectos con estes materiais)	17.2	Si	Si	Si	

#### División 18. Artes gráficas e servizos relacionados con elas.

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
27	Encademación, encademador/a	18.1		Si		Si
28	Serigrafía, serígrafo/a	18.1				Si
29	Gravados, gravador/a (reprodutor)	18.1		Si		Si

**División 20. Fabricación de produtos químicos básicos, compostos nitroxenados, fertilizantes, plásticos e caucho sintético en formas primarias.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
30	Pirotecnia, pirotécnico	20.5	Si	Si		Si

**División 23. Fabricación doutros produtos minerais non metálicos.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
31	Vidreiro	23.1	Si	Si		
32	Vitralista (vidreiras)	23.1		Si	Si	
33	Tallista de vidro	23.1		Si	Si	
34	Cerámica, ceramista (decorador, muralista, esmaltista modelador, etc.)	23.3/4		Si	Si	
35	Olaría, oleiro /a	23.4	Si		Si	
36	Cantaría, canteiro	23.7	Si	Si	Si	Si
37	Talla de pedra ou mármore, tallista de pedra o mármore	23.7		Si	Si	Si

**División 24. Metalurxia.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
38	Fundición, fundidor	24.5	Si		Si	Si
39	Fundición de campás, campaneiro	24.5	Si		Si	Si

**División 25. Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamentos.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
40	Forxa e ferraría, ferreiro	25.5	Si	Si	Si	Si
41	Follalataría, follateiro	25.5	Si		Si	Si
42	Esmaltes, esmaltistas	25.6		Si	Si	
43	Metalistaría, metalisteiro (traballos de diverso tipo en metais-latón, cobre, estaño, titanio, alpaca, gravados decorativos, cicelados, repuxados, etc.)	25.6		Si	Si	Si
44	Cerrallaría decorativa u artística, cerralheiro decorativo ou artístico	25.7		Si	Si	Si
45	Caldereiraría, caldereiro	25.9	Si		Si	Si

**División 26. Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
46	Construción e reparación de reloxos, reloxeiro/a	26.5	Si			Si

**División 30. Fabricación doutro material de transporte.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
47	Carpintaría de ribeira, carpinteiro de ribeira	30.1	Si		Si	Si

**División 31. Fabricación de mobles.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
48	Tapizaría, tapiceiro/a	31.0				Si
49	Ebanistaría, ebanista	31.0		Si	Si	Si
50	Dourado, dourador/a	31.0		Si		Si

**División 32. Outras industrias manufactureiras.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
51	Prataría, prateiro/a	32.1	Si	Si	Si	Si
52	Xoiaría, xoieiro/a	32.1	Si	Si	Si	Si
53	Ouviraría, ourive	32.1	Si	Si	Si	Si
54	Talla de pedras preciosas ou semipreciosas, lapidario/a	32.1				Si
55	Talla de acibeche, acibecheiro/a	32.1	Si	Si	Si	Si
56	Talla de coral, marfil, nácara, carei, ónix, etc., tallista de...	32.1		Si	Si	Si

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
57	Bixutaría	32.1	Si	Si	Si	Si
58	Produtor/a de instrumentos musicais de corda ou luthier	32.2		Si	Si	
59	Produtor/a de instrumentos musicais de vento	32.2		Si	Si	
60	Produtor/a de instrumentos musicais de percusión	32.2		Si	Si	
61	Produtor/a de instrumentos tradicionais populares galegos	32.2	Si	Si	Si	
62	Afinación de instrumentos musicais, afinador/a	32.2				Si
63	Palletas, palletreiro /a	32.2	Si			Si
64	Produtor/a de artigos deportivos	32.3			Si	Si
65	Xoguetes, xoguetero /a, bonecos, bonequeiro /a	32.4				Si
66	Modelos ou maquetas, modelista ou maquetistas	32.4			Si	Si
67	Miniaturas, miniaturista	32.4			Si	
68	Taxidermia, taxidermista	32.9				Si
69	Paraugas e bastóns, paraugueiro/a ou bastoeiro/a	32.9			Si	Si
70	Produtor/a de perrucas ou postizos	32.9			Si	
71	Ceraría, cereiro/a (candeas e exvotos)	32.9	Si		Si	
72	Figuras de pan tradicionais populares, produtor/a	32.9	Si		Si	

**División 43. Actividades de construción especializada.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
73	Mosaicos, produtor/a de mosaicos	43.3		Si		Si
74	Pinturas e revestimentos decorativos, pintor-decorador/a, estuquista, etcétera.	43.3		Si		Si

**División 47. Comercio ao retallo doutros artigos en establecementos especializados.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
75	Arranxos florais con flores naturais ou secas, fabricación de flores de papel ou teas, etc.	47.7				Si

**División 74. Outras actividades profesionais, científicas e técnicas.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
76	Fotografía, fotógrafo/a (proceso non automatizado)	74.2				Si
77	Escaparatismo, escaparatistas	74.1				Si
78	Rotulación	74.1				Si

**División 90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
79	Escultura, escultor/a	90.0		Si		
85	Debuxo, debuxante.	90.0		Si		Si
86	Restauración, restaurador/a (madeira, mobiliario, papel, pintura, arqueoloxía, coiro, pedra, etc.)	90.0		Si		Si
87	Escenografía e cartelismo, escenógrafo/a ou cartelista	90.0		Si		Si
88	Pirogravado, pirogravador/a	90.0		Si		Si
89	Cartón pedra, produtor/a de obxectos de cartón pedra e similares	90.0		Si	Si	

**División 96. Outros servizos persoais.**

Núm. de orde	Denominación	Código CNAE-09	A	B	C	D
90	Afiado, afiador/a	96.0	Si			Si